

ADDENDA NÚM. 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) PARA A AXUDA PARA A CONSTRUCIÓN DE SEIS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS URBANOS EN GALICIA. OPERACIÓN SUSCEPTIBLE DE FINANCIAMENTO AO 100% NO MARCO DO EIXO REACT-UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO RESPONDA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA DO COVID-19

REUNIDOS

Dunha parte Dona Ángeles Vázquez Mejuto na súa calidade de Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, de 6 de setembro, (DOG núm.181 de 7 de setembro de 2020) polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e Consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (en diante SOGAMA), representada por Don Javier Domínguez Lino, en calidade de Presidente da mesma, en virtude do acordo do Consello de Administración da Sociedade, con data 11 de febreiro de 2015, que intervéñ exercendo as facultades atribuídas mediante a delegación de poder do propio Consello de Administración outorgado na mesma data do seu nomeamento como Presidente da Sociedade á que representa.

Ambas as partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento desta addenda e para ese efecto,

EXPOÑEN

I.- Con data 26 de xullo de 2021 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) un convenio de colaboración para a axuda para a construción de seis plantas de transferencia de residuos urbanos en Galicia. Operación susceptible de financiamento ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia do Covid-19.



No convenio establécense as condicións da axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a SOGAMA para ampliar e reforzar a rede de plantas de transferencia de Galicia mediante a construción de 6 novas plantas en: A Cañiza, Curtis, A Lama, Riotorto, Ponteceso e Cee. Con esta actuación mellórase a capacidade da rede de plantas de transferencia destes residuos urbanos. Nas plantas, ademais de recibir os residuos da fracción resto como ata o de agora, poderanse depositar tamén os residuos da recollida selectiva do contedor amarelo e do contedor marrón (FORSU).

II.- Na cláusula sexta do citado convenio: Prazos de realización das actuacións subvencionadas, faise referencia ao prazo de execución das actuacións indicando que, no ano 2021, comprenderá ata o 30 de novembro de 2021.

III.- Da mesma forma, na cláusula oitava do referido convenio: Xustificación das actuacións subvencionables, indícase que a presentación da documentación realizarase, como máximo, no prazo dun mes desde a finalización do prazo máximo de execución de cada anualidade, contemplando para o ano 2021 desde o 1 de decembro ata o 31 de decembro de 2021.

IV.- Así mesmo, na cláusula décimo segunda do dito convenio: Entrada en vigor e duración, alúdese ao prazo de execución da anualidade 2021 constando como data final para esta anualidade o 30 de novembro de 2021.

V.- Con data 17.11.2021 Sogama presenta unha solicitude de ampliación do prazo de execución da anualidade 2021 ata o 31 de decembro de 2021, poñendo de manifesto a imposibilidade de realizar a execución prevista no convenio; ao non poder cumprir o calendario coas actuacións previstas por causas alleas á súa vontade.

VI.- As actuacións anteriores, non supoñen un incremento do importe dos deberes de contido económico asumidos pola Xunta de Galicia, nin do número de exercicios orzamentarios autorizados aos que se imputan os citados deberes.

VII.- A comisión de seguimento do convenio, segundo consta na acta da súa reunión do 18 de novembro de 2021, formula unha proposta de modificación das cláusulas sexta, oitava e décimo segunda, co fin de conceder a ampliación do prazo de execución das actuacións previstas para a anualidade 2021 ata o 31 de decembro de 2021.



Por todo isto, procede modificar o acordo vixente para adaptar os deberes nel establecidos á nova realidade.

En consecuencia,

ACORDAN

Subscribir a Addenda número 1 ao citado convenio, consistente na modificación das seguintes cláusulas:

PRIMEIRA: Modificación da cláusula sexta: Prazos de realización das actuacións subvencionadas (páxina 12)

Sexta.- **Prazos de realización das actuacións subvencionadas.**

O prazo de execución das actuacións subvencionadas abarcará desde o 1 de febreiro de 2020 ata o 30 de novembro de 2022.

Este prazo total contempla dúas anualidades:

Ano 2021: ata o 31 de decembro de 2021. Neste prazo deberán executarse as actuacións que se recollen no Anexo I para esta anualidade.

Ano 2022: ata o 30 de novembro de 2022. Neste prazo deberán executarse as actuacións que se recollen no Anexo I para esta anualidade.

SEGUNDA: Modificación da cláusula oitava: Xustificación das actuacións subvencionables, parágrafo 5 (páxina 13)

Oitava.- Xustificación das actuacións subvencionables.

A presentación da documentación xustificativa realizarase antes das seguintes datas:

Ano 2021: ata o 31 de decembro de 2021.

Ano 2022: desde o 1 de decembro ata o 31 de decembro de 2022

TERCEIRA: Modificación da cláusula décimo segunda: Entrada en vigor e duración (páxina 16)

Décimo segunda.- Entrada en vigor e duración

O presente Convenio perfeccionarase coa sinatura das partes. O prazo total de execución da actuación finaliza o 30 de novembro de 2022.

Este prazo total de execución contempla dúas anualidades:

Ano 2021: ata o 31 de decembro de 2021

Ano 2022: ata o 30 de novembro de 2022



Eficacia da presente Addenda

En todo o non modificado por medio de addenda seguirá en vigor o disposto no Convenio de colaboración asinado con data de 26 de xullo de 2021.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan electronicamente o presente acordo na data sinalada.

A Conselleira de Medio Ambiente, Territorio
e Vivenda

O Presidente da Sociedade Galega de
Medio Ambiente S.A. (SOGAMA)

Ángeles Vázquez Mejuto

Javier Domínguez Lino

